

# PROTOCOLO SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR



Avenida Vitoriano 124 27500 • Tfno: 982580246 • Fax: 982870041 • Email: ies.val.do.asma@edu.xunta.es  
• <http://www.ed.xunta.gal/centros/iesvaldoasma> • [IES Val do Asma Chantada](#)

## IES VAL DO ASMA

Data de aprobación:

Data de última revisión: 7/09/2022

CURSO 2022/2023

## INDICE

<b>INTRODUCCIÓN</b> .....	3
<b>MARCO LEXISLATIVO</b> .....	3
<b>INSCRIPCIÓN E ADMISIÓN</b> .....	4
<b>PREZOS E FORMA DE PAGAMENTO</b> .....	4
<b>HORARIOS</b> .....	4
<b>OBXECTIVOS DO SERVIZO DE COMEDOR</b> .....	5
<b>PERSOAL DE ATENCIÓN AOS COMENSAIS</b> .....	5
<b>DIRECTOR DO SERVIZO DE COMEDOR</b> .....	5
<b>NORMAS PARA AS FAMILIAS USUARIAS DO SERVIZO DE COMEDOR</b> .....	6
<b>NORMAS DE COMPORTAMENTO E DISCIPLINA</b> .....	7
<b>SANCIÓNS</b> .....	8
<b>PROTOCOLO DE EMERXENCIA</b> .....	8
<b>TRATAMENTO DA COMIDA SOBRANTE</b> .....	9
<b>APROBACIÓN E MODIFICACIÓN DO PROTOCOLO</b> .....	9





## INTRODUCCIÓN

O comedor escolar do IES VAL DO ASMA é un comedor de tipo A (ata 75 comensais, art. 6.1 da orde 132/2013) de xestión indirecta da Consellería de Educación a través da cesión do servizo á empresa Eurest .

O protocolo do servizo de comedor escolar do IES VAL DO ASMA de Chantada recolle as directrices de organización e funcionamento do servizo de comedor. A dirección do centro é a encargada da súa elaboración.

O Consello Escolar, como órgano colexiado, é o encargado de aprobar o seu regulamento e as súas normas de funcionamento.

O Protocolo de servizo do comedor escolar é un documento que forma parte do Proxecto Educativo de Centro, do Plan Xeral Anual e do Plan de Convivencia.

O ámbito de aplicación deste protocolo comprende aos usuarios de dous institutos: IES Lama das Quendas que fai só uso das instalacións os luns e o IES Val do Asma que fai uso das instalacións toda a semana.

## MARCO LEGISLATIVO

O funcionamento do comedor escolar réxese polo regulamento establecido no seguinte marco legislativo:

- ❖ DECRETO 132/2013, do 1 de agosto, polo que se regula o funcionamento dos comedores escolares.
- ❖ ORDE do 21 de febreiro de 2007, pola que se regula a organización, funcionamento e xestión do servizo de comedor escolar nos centros docentes non universitarios dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
- ❖ ORDE do 13 de xuño de 2008 pola que se modifica a do 21 de febreiro de 2007 pola que se regula a organización, o funcionamento e a xestión do servizo de comedor escolar nos centros docentes públicos non universitarios dependentes desta consellería.
- ❖ Instrución 3/2022, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades do 1 de xuño, sobre funcionamento dos comedores escolares de xestión indirecta no curso escolar 2022-2023

Esta normativa contempla o comedor escolar como un servizo complementario de carácter educativo, compensatorio e social, así como un instrumento para facilitar a conciliación da vida laboral e familiar.



## INSCRIPCIÓN E ADMISIÓN

Para utilizar o servizo de comedor deberá cumprirse cos requisitos que marcan as instrucións da Secretaría Xeral Técnica para cada curso escolar e cubrir debidamente o impreso de solicitude, que as familias poderán pedir na Secretaría do centro.

De haber máis solicitudes que prazas será o Consello Escolar quen as revisará, baremará e avaliará segundo unha orde de preferencia establecida en ditas instrucións.

## PREZOS E FORMA DE PAGAMENTO

- ❖ Os prezos do servizo de comedor e a forma de pagamento veñen establecidos na Instrución 3/2022, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades do 1 de xuño, sobre funcionamento dos comedores escolares de xestión indirecta no curso escolar 2022-2023 e dependen da renda per cápita do ano anterior de cada familia .
- ❖ Os importes establecidos son de 0 €, 1€, 2'50€ e 4'50€ máximo.
- ❖ O importe que o usuario deberá aboar resultará de multiplicar os prezos correspondentes polo número efectivo de uso do comedor cada mes.
- ❖ Os importes mensuais en concepto das tarifas que correspondan en cada caso satisfaranse directamente ás empresa prestadora do servizo.

## HORARIOS

O servizo de comedor prestarase desde o primeiro día lectivo de setembro ata o derradeiro día lectivo de xuño.

Durante o curso 2022-2023, o servizo de comedor realizarase nunha quenda única.

Unha vez finalizado o tempo de comida, o alumnado que emprega o servizo de transporte terá que esperar nas instalacións do centro, baixo a supervisión da persoa asignada pola empresa que ostenta o servizo de comedor, ata a súa entrada no vehículo de transporte. (Agás os luns que se incorporarán as actividades lectivas correspondentes).

O alumnado da vila, que se despraza polos seus medios ata o seu domicilio, poderá abandonar o recinto escolar si as familias o autorizaron previamente, a través do impreso que se lles facilitou a inicio de curso no sobre de matrícula. De non autorizar en dito impreso teñen que nomear as persoas responsables da recollida do seu fillo/a, tendo que permanecer o/a alumno/a nas instalacións do centro ata que veñan a recollelo/a, tal e como se recolle na *"instrución conxunta 9/2017 da secretaría xeral técnica e da dirección de centros e recursos humanos, pola que se establecen recomendacións sobre a saída dos alumnos escolarizados nos centros educativos públicos da comunidade autónoma galega ao remate do horario lectivo e sobre a recollida deles nas paradas establecidas no transporte escolar."*

As 15:15 h. remata o horario de traballo do persoal de comedor con respecto ao alumnado do IES Val do Asma, polo que as persoas usuarias de comedor serán responsabilidade das familias. No caso de non ser recollidas actuarase seguindo o recollido na instrución conxunta 9/2017, establecendo como tempo prudencial de espera 1 hora desde que remata o servizo.

No caso do alumnado do IES Lama das Quendas, os luns, chega ao recinto do IES Val do Asma ás 14:30 e permanece ata as 15:40, momento no que finaliza o traballo do persoal do comedor, ao coller o transporte cara o IES Lama das Quendas acompañado da persoa responsable.



## OBXECTIVOS DO SERVIZO DE COMEDOR

- ❖ Traballar para que o comedor sexa un elemento educativo máis dentro do proceso de formación integral do alumnado, facendo partícipes tanto ao persoal docente que colabore na súa xestión e traballadores e traballadoras do servizo, como ás familias dos comensais, para que colaboren, apoiem e reforcen todo o realizado no tempo de comedor.
- ❖ Proporcionar unha dieta o máis completa, equilibrada e variada posible para o noso alumnado.
- ❖ Desenvolver no alumnado hábitos alimentarios saudables e sociais, para unha mellor educación para a saúde e a convivencia entre todos e todas.
- ❖ Conseguir uns bos hábitos e hixiene persoal.
- ❖ Ter unha boa hixiene postural á hora de sentarse á mesa e unha adecuada habilidade e destreza á hora da utilización correcta da culler, garfo e coitelo no xantar.
- ❖ Desenvolver o compañeirismo, respecto e tolerancia cara ás demais persoas e as súas diferenzas, respectando as normas que rexen o comedor e coidando o seu espazo e mobiliario.
- ❖ Traballar pola consecución dun entorno físico e social saudable, onde predomine a harmonía .

## PERSOAL DE ATENCIÓN AOS COMENSAIS

O número de persoas de atención aos comensais no servizo de comedor e nos períodos de tempo libre anteriores e posteriores terá a ratio establecida na orde 21 de febreiro de 2007 que rexe os comedores escolares.

As funcións do persoal de atención aos comensais establecidas na citada orde correrán a cargo da empresa que ten a concesión do servizo de comedor.

## PERSOA DIRECTORA DO SERVIZO DE COMEDOR

Entre as súas funcións están:

- ❖ Controlar que o menú servido se axusta ó previamente planificado pola empresa concesionaria do servizo e informar a pais/nais e persoas usuarias mensualmente a través da correspondente planilla, que se publicará na paxina web do centro.
- ❖ Verificar a adecuación do menú servido ó alumnado con necesidades alimentarias especiais sempre e cando estas últimas foran previa e adecuadamente comunicadas e xustificadas documentalmente coa presentación dun informe médico.
- ❖ Recoller as queixas e suxerencias que directamente lle transmitan os pais/nais ou titores/as das persoas usuarias do servizo e xestionalas de acordo co establecido por lei.
- ❖ Transmitir á Secretaría Xeral Técnica as irregularidades contractuais que afecten ao adecuado funcionamento do servizo de comedor e que non podan ser resoltas directamente coa empresa concesionaria.



- ❖ Verificar o cobramento das cantidades correspondentes do servizo do comedor ás persoas usuarias deste servizo.
- ❖ Mantemento e xestión da aplicación informática COMEDORES: Relación de persoas usuarias do servizo e Certificación mensual de cubertos consumidos.
- ❖ Calquera outra que veña fixada na Orde 132/2013 do 1 de agosto e na Instrución 3/2022, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades do 1 de xuño, sobre funcionamento dos comedores escolares de xestión indirecta no curso escolar 2022-2023
- ❖ O/A director/a do servizo de comedor escolar poderá delegar nunha persoa membro do claustro a obriga da presenza física no centro durante o tempo de xantar e os períodos temporais e posterior a este.

### **NORMAS PARA AS FAMILIAS USUARIAS DO SERVIZO DE COMEDOR**

As normas que rexen o comedor, e que son de obrigado coñecemento, aceptación e cumprimento por parte das familias das persoas usuarias do comedor desde o momento en que comezan a facer uso do servizo son as seguintes:

- ❖ Non está permitido a entrada ao recinto escolar ás familias ou persoas alleas ao servizo durante o horario do comedor escolar sen o permiso expreso do persoal do servizo ou da dirección.
- ❖ Poderase establecer individualmente outro horario de recollida do/a neno/a sempre que as circunstancias persoais da familia o obriguen e teña a autorización e o visto bo do persoal do comedor.
- ❖ As persoas usuarias do comedor que vaian soas para casa teñen que contar cunha autorización asinada polos seus pais/nais ou titores/as legais.
- ❖ As observacións especiais de tipo alimentario que teña o/a usuario/a do comedor: alerxias, dietas, etc. deberán ser comunicadas á dirección do comedor escolar, e sempre acompañadas do correspondente informe médico, para ser tidas en conta á hora de establecer o menú que corresponda pola empresa.
- ❖ Os menús especiais por motivos relixiosos só serán atendidos se a empresa concesionaria do contrato non pon inconveniente algún.
- ❖ Para solicitude de cambios de menú puntuais, máximo 5 días, por enfermidade leve e transitoria, hai que comunicalo e xustificalo á dirección do servizo ou persoal de cociña antes das 9:45 h., solicitando o tipo de dieta e a duración. Si se prolongase a circunstancia que o motivou precisárase aportar un informe médico.
- ❖ Os usuarios/as do servizo de comedor escolar que durante o prazo dun mes de xeito continuado non fagan uso do citado servizo coa frecuencia solicitada, causarán automaticamente baixa no servizo, agás causas debidamente xustificadas polos usuarios/as ante a dirección do respectivo centro educativo.
- ❖ Os usuarios do servizo de comedor escolar que en tres ocasións non comuniquen a súa ausencia, antes des 9:45 horas do día que deba ter efecto, poderán ser suspendidos pola Dirección do dereito ao uso do servizo durante 10 días.
- ❖ Os usuarios deberán comunicarlle obrigatoriamente aos centros de ensino os días nos quen vaian facer uso do comedor cunha antelación mínima das 9,45 h de cada día se queren que eses días non sexan tidos en consideración nos pagamentos.”
- ❖ O/A proxenitor/a que comunique a ausencia do seu fillo/a ao servizo do comedor, estando este no centro e cumprindo co horario establecido para dita comunicación,



terá que asinar un documento que indique que retira ao seu fillo/a do centro antes do horario previsto e facéndose cargo da súa custodia, tendo en conta que é un/ha alumno/a do servizo comedor, e que dito servizo remata as 15:15 horas, e os luns ten que asistir as actividades lectivas ata as 16:45 horas. En caso de non entregar dito documento, entenderase como unha saída non autorizada do centro e aplicaranse as normas do réxime disciplinario correspondentes.

- ❖ En ningún caso se lles poderá administrar aos nenos/as medicamentos, nin por petición nin por autorización dos seus pais/nais ou titores/as legais. Terán que ser eles/elas os/as que os administren, ou ben os familiares autorizados expresamente e por escrito polos/a mesmos/as.
- ❖ O número de teléfono do comedor para avisar de calquera problema ou posible atraso ou non asistencia ao comedor escolar é o do centro: 982 870 236.
- ❖ O pago dos recibos do comedor farase directamente polos medios establecidos pola empresa responsable da xestión do comedor, e faranse efectivos antes do día 10 de cada mes.
- ❖ En caso de impago do comedor, seguirase o procedemento sancionador que regula á instrución 2/2015 do 1 de xuño.
- ❖ Durante o horario do comedor os/as alumnos/as cumprirán as normas de hixiene e comportamento que se establecen neste Protocolo de funcionamento do comedor escolar. Estas normas estarán a disposición das familias das persoas usuarias e expostas na páxina web do Centro.

## NORMAS DE COMPORTAMENTO E DISCIPLINA

A regulación do réxime disciplinario respectará, en todo caso, a normativa autonómica sobre convivencia no centro establecida na actualidade na Lei 4/2011 de 30 de xuño de convivencia e participación da comunidade educativa, o Decreto 8/2015 do 8 de xaneiro, na que se desenvolve, e as medidas correctoras específicas que se establecen no NOF do centro.

Son as seguintes:

- ❖ Antes de entrar a comer o alumnado lavará e secará as mans.
- ❖ Entrarán ao comedor a modo e empregando un ton moderado ao falar, sentándose de forma ordenada onde lles corresponda.
- ❖ Colaborarán en todo momento co persoal do comedor, e teranlle o máximo respecto, seguindo en todo momento as súas indicacións para o bo funcionamento do servizo de comedor escolar. As persoas usuarias deben entender que o persoal de comedor é o responsable deles o tempo que pasen no colexio desde a súa saída da aula ata a finalización do servizo.
- ❖ Os comensais deberán pedir con corrección ao persoal do comedor calquera cousa que precisen.
- ❖ Comerán de todo, tanto do 1º como do 2º prato, así como a sobremesa, adecuando a cantidade a súa idade.
- ❖ Deberán comportarse en todo momento de maneira adecuada na mesa, sen molestar aos compañeiros e coidando a correcta postura e os bos modais á hora de comer.
- ❖ Participarán nas tarefas de recollida dos pratos e limpeza da mesa seguindo as instrucións do persoal de comedor.



- ❖ Unha vez finalizado o xantar esperarán a que se lles de permiso para abandonar o comedor, o cal farán a modiño e en silencio, respectando as distancias de seguridade.

## SANCIÓNS

As infraccións tipificadas como leves ou graves están recollidas no Decreto 8/2015 do 8 de xaneiro, na que se desenvolve, e as medidas correctoras específicas que se establecen no NOF do centro.

As sancións correspondentes sempre estarán de acordo co disposto na normativa vixente e graduándoa conforme ó principio educativo, recuperador e proporcionada e sempre cun espírito conciliador para chegar mellor á resolución dos conflitos.

Ás familias estarán informadas destes procedementos directamente cando as sancións leves sexan reiteradas, e por escrito cando sexan de carácter grave, podendo efectuar alegacións.

Faltas leves:

- ❖ A sanción das faltas consideradas leves consistirán en:
  - Amoestación verbal e reflexionar sobre a súa conduta.
  - Cambio de ubicación no comedor.
  - Realización de tarefas comunitarias dentro do ámbito do comedor.
  - Comunicación aos pais ou titores legais da súa conduta.

O/A Director/a e/ou o persoal de comedor encargarse da aplicación das sancións por faltas leves.

As medidas correctoras das faltas leves prescriben ao final do trimestre.

O persoal de comedor deixará rexistrado por escrito as faltas reiteradas cando o estime necesario, para coñecemento do director do servizo e adopcións doutras medidas correctoras se o estimara necesario con fin de asegurar en todo momento un bo ambiente e o respecto ás normas de convivencia.

Faltas graves:

- ❖ As sancións por falta grave darán lugar a un parte sancionador, aplicando para elo as directrices recollidas nas NOF do centro, aplicando as medidas correctoras recollidas nas mesmas.
- ❖ A reiteración en alomenos tres ocasións durante un trimestre dunha falta leve.
- ❖ Todas aquelas establecidas na Lei 4/2011.

O director do servizo de comedor encargarse de tramitar os partes segundo o procedemento recollido nas NOF.

## PROTOCOLO DE EMERXENCIA

Si se produce algún accidente, segundo o grao, o persoal do servizo de comedor escolar, baixo a supervisión do director do servizo, actuarán da seguinte maneira:

*Accidente leve.*

- ❖ No comedor cóntase cun botiquín de primeiros auxilios e utilizarase para curar ao ferido/a.
- ❖ Comunicarase cos pais/nais, familiares ou titores/as legais do accidentado se fora necesario que o viñeran recoller.





- ❖ Por en coñecemento da familia da persoa accidentada o sucedido e as circunstancias nas que se produciu o accidente no momento da recollida.

*Accidente grave.*

- ❖ O persoal do servizo de comedor chamará ao 112 e comunicaranse coa familia da persoa ferida para notificarllo e por no seu coñecemento as circunstancias nas que se produciu o accidente.
- ❖ O /A coidador/a do servizo que presenciou o accidente deixará constancia por escrito do sucedido ou recadará toda a información que poida entre os que presenciaron o accidente, para explicar ben as circunstancias nas que sucedeu, na procura de estudar medidas correctoras que eviten outros futuros.

## TRATAMENTO DA COMIDA SOBRANTE

Ó inicio de cada curso escolar, a dirección do centro porase en contacto cos Servizos Sociais dos Concellos de Chantada, Carballedo ou Taboada, informando da presenza do servizo de comedor que presenta este instituto, e ofrecerlles a posibilidade de que recollan a comida sobrante para que a distribúan entre as familias e persoas en risco de exclusión social, establecendo nese momento o procedemento a seguir durante o desenrolo do curso académico.

## APROBACIÓN E MODIFICACIÓN DO PROTOCOLO

Este Protocolo entrará en vigor o día despois da súa aprobación en Consello Escolar e terá vixencia dun ano académico, prorrogable só ata a aprobación dun novo protocolo no Consello Escolar a inicio do curso escolar 2022/2023 e sen prexuízo das modificacións que por motivos de urxencia deban adoptarse durante a vixencia do mesmo.

A solicitude e utilización do servizo do comedor implica obrigatoriamente tanto ao persoal do servizo, coma ás persoas usuarias do servizo de comedor e as súas familias, a aceptación das normas que neste protocolo se citan.

Chantada, a 8 de setembro de 2022